

Bono Social eléctrico

Que é o bono social eléctrico?

Consiste na aplicación dun desconto sobre o Prezo Voluntario ao Pequeno Consumidor (PVPC) en función do grao de vulnerabilidade dos beneficiarios.

Quen ten dereito ao Bono Social Eléctrico?

- ✓ Persoas físicas, no domicilio habitual cun contrato de PVPC e que se cumpra algunha das seguintes condicións:
- ✓ Pensionistas que perciben a pensión mínima vixente da Seguridade Social ou pensión non contributiva.
- ✓ Familia numerosa.
- ✓ Fogares con todos os seus membros desempregados.
- ✓ Unidade familiar que cumpre un límite de renda.

Resumo dos criterios da renda

VULNERABLES

- **Sen menores:** 1,5 x IPREM ou 2 x IPREM con circunstancias especiais.
- **1 menor:** 2 x IPREM ou 2,5 x IPREM con circunstancias especiais
- **2 menores:** 2,5 x IPREM ou 3 x IPREM con circunstancias especiais
- **Familia numerosa:** N.A.
- **Pensionista:** pensión mínima.

VULNERABLES SEVEROS

- **Sen menores:** 0,75 x IPREM ou 1 x IPREM con circunstancias especiais.
- **1 menor:** 1 x IPREM ou 1,25 x IPREM con circunstancias especiais.
- **2 menores:** 1,25 x IPREM ou 1,5 x IPREM con circunstancias especiais.
- **Familia numerosa:** 2 x IPREM.
- **Pensionista:** 1 x IPREM.

- **Sen menores:** límite consumo anual con desconto 1200 kw/h.
- **Cun menor:** límite consumo anual con desconto 1680 kw/h.
- **Con dous menores:** límite consumo anual con desconto 2040 kw/h.
- **Familias numerosas:** límite consumo anual con desconto 3600 kw/h.
- **Pensionistas:** límite consumo anual con desconto 1680 kw/h.

Documentación Necesaria

- ✓ **Impreso de solicitude de bono social**, asinado por todos os membros da unidade familiar maiores de 14 anos.

Onde se poden conseguir: nas oficinas da comercializadora ou na páxina web das eléctricas.
- ✓ **Fotocopia do DNI** de todos os membros da unidade familiar maiores de 14 anos.
- ✓ **Fotocopia do libro de familia.**
- ✓ **Certificado de empadronamento** da unidade familiar.
- ✓ **Fotocopia do título de familia numerosa**, se fose o caso.
- ✓ **Certificado** que acredite **circunstancias especiais**, se fose o caso.



Se vostede é un consumidor vulnerable

- Terá dereito a un 25% de desconto sobre o PVPC.
- O prazo para suspender a subministración por falta de pagamento é de 4 meses.

Se vostede é un consumidor vulnerable severo

- Terá dereito a un desconto do 40% sobre o PVPC.
- O prazo para suspender a subministración por falta de pagamento é de 4 meses.

Se vostede é un consumidor en risco de exclusión social

- Terá dereito a un desconto do 40% sobre o PVPC.
- O total da factura finánciase entre as empresas comercializadoras e as administracións públicas ao 50%.

Onde pode solicitar o bono social

As solicitudes poden presentalas na súa comercializadora coa que ten o contrato de subministración de electricidade, ben nas oficinas da empresa, por correo ou a través da páxina web.

Bono Social eléctrico

Bono Social eléctrico

Se vostede é veciño de Ponteareas e ten algunha dúbida, pode poñerse en contacto con nós:



Oficina Municipal de Información ao Consumidor (O.M.I.C.)

do Concello de Ponteareas
situada na rúa de Oriente, 8 - 2ª. andar
Tfno: 986 640000. Ext: 2211
ou no email: omic.ponteareas@xunta.es

PONTEAREAS



Concello de
PONTEAREAS

